



## INFORMACIÓN SOBRE A ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2024/2025

a) Normativa reguladora da admisión de alumnado:

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG núm. 29 do 11.02.2022).
- Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG núm. 212 do 08.11.2022).

b) O prazo de presentación das solicitudes de reserva de praza abrangue dende o 15.01.2024 ata o 05.02.2024 (ambos incluídos).

c) A listaxe do alumnado con posto reservado no CEIPP de Sigüeiro publicarase o día 22.02.2024.

d) Oferta de postos escolares por escola nos diferentes niveis de educación infantil e primaria:

CRA ESCOLAS	DE OROSO	VACANTES Educación Infantil e Educación Primaria
<b>Escola de Vilacide</b> (unidade mixta EI-EP)		15 (3 NEAE*)
<b>Escola de Trasmonte</b> (unidade mixta EI-EP)		11 (3 NEAE*)
<b>Escola de Senra</b> (unidade mixta EI-EP)		13 (3 NEAE*)
<b>Escola de Deixebre</b> (unidade mixta EI-EP)		12 (3 NEAE*)

\*NEAE: Número de prazas reservadas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

e) O prazo de presentación das solicitudes de admisión abrangue dende o 01.03.2024 ata o 20.03.2024 (ambos incluídos).



**f) Nota informativa sobre a admisión de alumnado:**

- Todo o alumnado incluído no ámbito da orde de admisión poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.
- Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.
- O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.
- En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8 da orde de admisión.

**g)** Se fora necesario baremar as solicitudes de admisión, a documentación acreditativa dos criterios de baremo presentaríase nos 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.

**h)** Publicación das listaxes provisionais e definitivas do alumnado admitido e non admitido:

- As listaxes provisionais publicaranse o día 25.04.2024.
- O prazo de reclamación contra as listaxes provisionais será do 26.04.2024 ata o 03.05.2024.
- As listaxes definitivas publicaranse o día 15.05.2024.
- As listaxes provisionais e definitivas poderanse consultar a través da aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>) empregando a Chave365 ou o certificado dixital da Fábrica Nacional da Moneda e Timbre. Tamén se poderán consultar no taboleiro de anuncios situado no interior do centro/escolas.



CRA de Oroso

15032509

**i) Prazos para formalizar a matrícula:**

En infantil e primaria: Do 20.06.2024 ata o 01.07.2024

**j) Centros adscritos ao CRA de Oroso e adscrición deste:**

O CRA de Oroso está adscrito ao CEIP Plurilingüe de Sigüeiro, (15011567)

**k) Área de influencia das diferentes escolas do CRA:**

A área de influencia das diferentes escolas do CRA de Oroso son as diferentes parroquias do Concello (zona rural).

**l) O centro non dispón de servizos complementarios de transporte escolar e comedor. Durante o curso 2024/2025 poderase constituir o servizo de madrugadores en caso de existir un número mínimo de 5 usuarios de madrugadores por escola.**

**m) A admisión e a matriculación nun centro docente público ou privado concertado implicarán respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro privado concertado, se o tivese. O proxecto educativo do centro está a disposición dos interesados na páxina web do centro, no seguinte enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/centros/craoroso/>**

**n) As solicitudes de admisión poderanse presentar a través da aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>) ou de forma presencial no centro docente, sen prexuízo de presentalas en calquera dos lugares e rexistros establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.**

**o) Na devandita aplicación admisionalumnado tamén se poderá consultar:**

- O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula.
- A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
- A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación no momento da súa gravación.
- O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- A listaxe do alumando con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e a Chave365.

Oroso, 16 de febreiro de 2024